

**PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS DO CONCELLO DE TOMIÑO 2018, SUBVENCIONADO AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2018-2019: LIÑA 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.**

**PERFIL E NÚMERO DAS PERSOAS DESEMPREGADAS A CONTRATAR:** os/as candidatos/as deben ser persoas desempregadas, empadroadas en Tomiño, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, tanto no momento da sondaxe como no da contratación.

A xornada en tódolos casos será de 7 horas diarias (93,33%). Os perfís, a duración e as datas de inicio previstas para esas 25 contratacións son as que indicamos a continuación:

- ☐ 8 Peóns de xardinería, contrato 9 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(95121019) (80)**
- ☐ 3 Peóns de xardinería, contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(95121019) (80)**
- ☐ 2 Peóns da construción de edificios, contrato 9 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(96021013) (80)**
- ☐ 1 Albanel Oficial 1ª, contrato 9 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(71211015) (40)**
- ☐ 1 Carpinteiro en xeral, especialista, contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(71311049) (70)**
- ☐ 1 Carpinteiro en xeral Oficial 1ª, contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(71311049) (40)**
- ☐ 1 Conductor-operador de retroescavadora Oficial 2ª, contrato 9 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(83311174) (50)**
- ☐ 1 Instalador electricista en xeral oficial 1ª, contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(75101033) (40)**
- ☐ 1 Instalador electricista en xeral, especialista, contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(75101033) (70)**
- ☐ 1 Mecánico de mantemento e reparación de automoción en xeral oficial 2ª, contrato 9 meses, inicio previsto 1/03/2018. **(74011034) (50)**
- ☐ 1 Soldador de estruturas metálicas lixeiras, especialista, contrato 9 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(73121051) (70)**
- ☐ 2 Técnicos administrativos en xeral (categoría Oficial administrativo), contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(36131039) (00 Técnico)**
- ☐ 1 Educador social/ Mestre de primaria (\*) (categoría axudante titulado), contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(28241056/22401012) (00 Técnico)**
- ☐ 1 Enxeñeiro Técnico Forestal (categoría axudante titulado), contrato 10 meses, inicio previsto 01/03/2018. **(24251011) (00 Técnico)**

Excepto nos postos de peóns de xardinería, de técnicos administrativos, será requisito para ser admitido nestes procesos de selección, posuír como mínimo o carné de conducir B en vigor, pois en caso de ser seleccionados estes traballadores deben desprazarse ás distintas obras ou instalacións ás veces en vehículos municipais e para iso é preciso que posúan o carné.

No caso do condutor-operador será requisito posuír o carné mínimo en vigor que esixa a lexislación no momento da selección para a condución da maquinaria que se trate.

Aos Oficiais de primeira esixiráselles o título de Graduado escolar/Graduado en ESO ou equivalente.

Os técnicos administrativos terán como requisitos posuír a titulación ou titulacións de Ciclo Superior ou equivalente da familia profesional de Administración e xestión que se establezan nas bases de selección.

O Educador Social, terá como requisito posuír a titulación de Diplomatura ou grao en educación social, no caso de que non existira na localidade de Tomiño un desempregado que cumpra este requisito, poderíamos substituír a devandita titulación pola de Diplomatura ou grao en educación primaria.

O/A Enxeñeiro Técnico Forestal, terá como requisito posuír a titulación de Enxeñaría técnica forestal ou Grao en Enxeñaría Forestal especialidade en explotacións forestais ou calquera outro título equivalente noutro plan de estudos, expedido por Centros Oficiais de Ensino.

Valoraranse para todos os postos ademais dos coñecementos da profesión, as seguintes situacións: ser vítima de violencia de xénero, ter máis de 45 anos, formar unha familia monoparental con fillos a cargo, ter un nivel de renda máis baixo e ter cargas familiares.

Ademais segundo o posto de que se trate poderanse valorar outras situacións ou titulación/formación que se concretará nas bases da convocatoria de cada posto.

Todos e cada un dos procesos selectivos incluírán unha proba práctica.

Tomiño, 23 de xaneiro de 2018